

# Preguntas frecuentes

Acceso Fotografía  
Arquitectura Efémera  
Técnicas escultóricas  
e Xoiaría

easd  
mestre mateo

## 1. Que é unha EASD?

Unha EASD é unha Escola de Artes e Superior de Deseño.

En Galicia hay 4 Escolas de Arte e Superiores de Deseño de titularidade pública, dependentes da Xunta de Galicia:

EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela.

EASD Pablo Picasso, en A Coruña

EASD Ramón Falcón, en Lugo.

EASD Antonio Failde, en Ourense.

## 2. Que se pode estudar nunha EASD?

Nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño pódense estudar:

Ciclos Formativos de Grado Superior de Artes Plásticas e Deseño en distintas especialidades. (2 cursos)

Ensinanzas Superiores en Deseño, equivalentes a todos os efectos aos títulos universitarios de Grao. (4 cursos)

## 3. Que Ciclos Superiores se poden estudar en Santiago?

Na EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela, podes estudar os Ciclos Formativos de Grado Superior en 4 especialidades:

Arquitectura Efémera, Xoiaría, Fotografía e Técnicas Escultóricas.

## 4. Podo matricularme na EASD Mestre Mateo se non teño o Bachelato aprobado?

Si, se estás nos seguintes casos:

- tes máis de 19 anos ou os cumpres neste ano 2015. Tes que inscribirte e facer a proba de madurez que terá lugar o 27 de xuño
- tes a proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos.
- tes a proba de madurez de Ensinanzas Artísticas Superiores.
- tes a proba de madurez de Ciclos Superiores de FP ou de Ciclos Superiores de Ensinanzas Deportivas.
- cumpres 18 anos neste ano e tes unha titulación de Ciclo Medio de Artes Plásticas da mesma familia, superando previamente a proba de madurez. Tes que inscribirte e facer a proba de madurez que terá lugar o 27 de xuño

## 5. Que documentación hai que presentar ao facer a inscrición?

Fotocopia do DNI ou pasaporte

Solicitud no modelo oficial –entégase unha única instancia na secretaría da Escola que imparta a especialidade á que se queira acceder como primeira opción-

Ademais da documentación acreditativa que corresponda (según o caso), fotocopia cotexada. Se traes a fotocopia e o orixinal na Secretaría te cotexan as fotocopias para entregar. Algunha das seguintes:

- Certificado de estudos en que figuren as cualificacións das diferentes materias cursadas e ter realizado o depósito do título.
- Por experiencia laboral: Certificación da empresa na que conste a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período no que se realizou (no caso de traballadores por conta propia, certificación de alta no censo de obrigados tributarios).
- Título de bacharelato en Artes

Acceso por proba específica: título de bacharelato ou equivalente, ou certificación onde conste o depósito do título. Pódese substituír por:

- proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- proba de madurez para ciclos formativos de grao superior de formación profesional
- proba de madurez de grao superior de ensinanzas deportivas
- proba de madurez das Ensinanzas Artísticas Superiores
- Certificado de proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Certificado de ter superado a proba de madurez para maiores de 19 anos en convocatoria anterior.

## 6. Se non teño aínda o bachelato aprobado pero o vou aprobar na convocatoria de setembro, podo acceder a estudar Deseño o vindeiro curso?

Sí, ao facer a solicitud de inscrición marcarás a opción: “Pendente o Título de Bacharelato”. En setembro, antes de empezar o curso terás que aportar o Título de bacharelato, ou certificación académica en que conste o depósito do título, antes de facer a matrícula.

**7. Se estou a piques de obter o título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, podó optar pola modalidade de Acceso directo? Caso en que o aspirante está pendente da avaliación do proxecto final para a obtención do título.**

Si, se aportas o título no momento de facer a matrícula.

**8. Onde teño que facer a inscrición?**

A inscrición farase na Secretaría da Escola elixida en primeira ou única opción. Se queres estudar Fotografía, Arquitectura Efémera, Xoiaría ou Técnicas Escultóricas, terás que entregar a solicitude de inscrición na Secretaría da EASD Mestre Mateo ata o 20 de xuño.

**9. Teño que ir eu persoalmente a facer a inscrición?**

Podes descargar o impreso na nosa web [www.easd.es](http://www.easd.es), e despois de cubri-lo e firmalo cos teus datos, podes enviar a alguén a que entregue a solicitude e a documentación necesaria na Secretaría da EASD Mestre Mateo.

**10. Onde podó consultar as probas doutros anos?**

Neste enlace da Consellería podes consultar algunhas Probas de Acceso <http://www.edu.xunta.es/web/node/1606>

Na web da [www.easd.es](http://www.easd.es) tamén podes consultar algún modelo de proba de cursos pasados

**11. Se non tes decidida a especialidade, podés facer as probas para distintas especialidades e logo escoller?**

Non é posible esta opción, posto que as probas para todas as especialidades realízanse de forma simultánea.

**12. Cando terán lugar a proba de madurez?**

A proba de madurez levarase a cabo o 27 de xuño na EASD Mestre Mateo en Santiago de Compostela

**13. Onde van a ser as probas de acceso específicas?**

As probas específicas de acceso levaranse a cabo o 7 de xullo de xullo na EASD Mestre Mateo en Santiago de Compostela

**14. Hai temario ou bibliografía para preparar as probas?**

Non, pero podes consultar os modelos de probas de cursos anteriores na web [www.easd.es](http://www.easd.es) e no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1606>

**15. Despois de aprobar a proba de acceso e obter praza, teño que facer algo máis?**

Si, tes que facer a matrícula na Secretaría da Escola na que obtives a praza, entre os días 19 e 26 de xullo, ambos incluídos.

**16. Se non obteño praza, pero estou na lista de espera, aínda teño posibilidade de poder matricularme?**

Si, se as persoas que obtiveron praza non formalizan a matrícula en Secretaría, publicarase una nova lista de persoas que acadan praza e ábrese un novo prazo para que esas persoas se matriculen e así sucesivamente ata completar tódalas prazas ofertadas.

**17. Que título fai falta para poder optar ao acceso directo nas Ensinanzas Superiores de Deseño?**

- Título de bacharelato artístico
- Título de bacharelato e acreditar experiencia laboral de polo menos un ano nas competencias do ciclo.
- Técnico superior en artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada, ou equivalente.
- Título Superior de Deseño e Título Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais
- Arquitectura ou Licenciatura en Belas Artes ou Enxeñería Técnica en Deseño Industrial.

**18. Se solicito o acceso directo, iso quere dicir que xa obteño praza?**

Non. Soamente se ofertan un 50% das prazas para os que optan polo acceso directo.

**No caso de que haxa máis solicitudes que prazas, o criterio de adxudicación, será en función da nota final do expediente académico e da titulación alegada para o acceso directo.**

Máis información:



[www.easd.es](http://www.easd.es)